

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA E O CONSELLO REGULADOR DAS INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS PROTEXIDAS *TERNERA GALLEGA* E *VACA GALLEGA – BUEY GALLEGO* PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE CONTROL OFICIAL NAS EXPLOTACIÓNS E INDUSTRIAS CÁRNICAS DE VACÚN

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (en diante a Axencia), representada polo seu director, Martín Alemparte Vidal, de acordo co seu nomeamento mediante o Decreto 151/2024, do 27 de maio de 2024 (DOG núm. 102, do 28 de maio de 2024) e consonte as facultades para subscribir convenios con entidades públicas e privadas en nome da Axencia que lle outorga a Resolución do 24 de abril de 2013 de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (DOG núm. 85 de 3 de maio de 2013) en aplicación do disposto no Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, Jesús González Vázquez, con DNI 34.869.968-J, como presidente e en representación do Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas *Ternera Gallega* e *Vaca Gallega – Buey Gallego*, en diante o Consello Regulador, con enderezo na Rúa Obradoiro CAB, 2, s/n, 15707 - Santiago de Compostela, con CIF Q-1500342-I, nomeado mediante Orde da Consellería do Medio Rural do 14 de marzo de 2023 (publicada no DOG nº 54, de 17.03.2023), e con capacidade suficiente para o efecto.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro:

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia configúraa con personalidade xurídica propia, patrimonio e tesourería propios e autonomía na súa xestión.

Ademais, no contexto da súa consideración como instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade, o artigo 9 dos estatutos da Axencia recolle as súas



funcións en materia de calidade alimentaria, entre outras, a de promover e defender a calidade dos produtos amparados polas denominacións e indicativos de calidade.

Por outra parte, correspóndelle á Axencia, en virtude do establecido na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia *executar os programas de control oficial relacionados coa comprobación dos requisitos que deben cumprir, antes da súa comercialización, os produtos acollidos a algunha denominación xeográfica de calidade do ámbito agroalimentario, así como os recoñecidos como especialidades tradicionais garantidas. Do mesmo xeito, a Axencia fará o control oficial da produción ecolóxica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas funcións implican tanto a realización de actividades de control directamente sobre as persoas operadoras coma a supervisión da actividade dos organismos en que se fixese delegación de tarefas de control.*

Segundo:

O Consello Regulador ten como principais cometidos o control e a promoción do produto certificado como *Ternera Gallega* ou como *Vaca Gallega - Buey Gallego*. Dentro desta función, vela pola protección das dúas denominacións e do seu uso comercial co obxectivo de que só se empreguen sobre carne certificada polas ditas indicacións xeográficas protexidas, para achegar así transparencia e garantías de orixe e calidade ás persoas consumidoras e evitar erros ou confusión no mercado. *Ternera Gallega* e *Vaca Gallega - Buey Gallego* son nomes protexidos pola Unión Europea como indicacións xeográficas protexidas, conforme ao Regulamento (UE) 2024/1143 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de abril de 2024 relativo ás indicacións xeográficas para viños, bebidas espirituosas e produtos agrícolas, así como especialidades tradicionais garantidas e termos de calidade facultativos para produtos agrícolas, e cunhas características de produción e transformación específicas, contempladas nos seus respectivos pregos de condicións.

Terceiro:

No Consello Regulador están inscritas máis de 7.000 explotacións dedicadas a cría e produción de gando vacún de carne e máis de 150 industrias e comerciais dedicadas ao sacrificio, despece e comercialización de carne de vacún. O número de animais anuais rexistrados nestas explotacións é aproximadamente de 130.000 e o número de canais anuais sacrificadas para a certificación coas dúas indicacións xeográficas protexidas rolda as 90.000, e o valor en orixe da carne certificada foi en 2024 superior a 175 millóns de euros, cifras representativas da importancia tanto económica como social destas indicacións xeográficas protexidas.

Cuarto:

O Consello Regulador é unha entidade acreditada pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para a certificación da carne amparada pola indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega* e en proceso de acreditación para o alcance da indicación xeográfica protexida *Vaca Gallega - Buey Gallego*. O proceso de certificación abrangue a realización de controis en todas as fases de obtención da carne (nacemento e cría dos animais nas explotacións, sacrificio nos matadoiros e despece e fileteado nas salas de despece).



Quinto:

Os consellos reguladores son corporacións de dereito público que xestionan a correspondente denominación de orixe, que é un ben de dominio público e interese xeral. Son, polo tanto, entidades de interese social e económico vinculadas ao desenvolvemento do rural galego e a Axencia estima de interese público apoialos Para a realización das actividades de control sobre os operadores que realizan as distintas fases de obtención da carne de vacún, o Consello Regulador ten delegadas pola Axencia actividades de control oficial de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2017/625, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017. Na práctica, esta delegación implica a validación dos controis efectuados polo Consello Regulador para complementar o desempeño da Axencia Galega da Calidade Alimentaria nas funcións atribuídas pola Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia.

Sexto:

Para a realización destes controis, o Consello achega os medios necesarios: persoal, vehículos para os desprazamentos, materiais de recollida de mostras, contratación de laboratorios para analíticas, etc.

En virtude do anterior, as partes acordan neste documento as seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do convenio é regular os controis realizados no ámbito do control oficial polo Consello Regulador, a avaliación dos seus custos e a compensación económica destes pola Axencia.

Esta axuda ten carácter singular e outorgase con base no seu interese público, de acordo co indicado no apartado quinto da parte expositiva deste convenio.

Segunda.- Gastos subvencionables

Son subvencionables os gastos cuxa natureza responda indubidablemente á actividade subvencionada. En concreto, son subvencionables os gastos correspondentes ás seguintes actividades que foran executados no ano 2026:

Controis en gandarías e cebadoiros

- Libro de explotación e documentación (identificación e rexistro dos animais, idade, raza, trazabilidade, movementos, etc.).
- Prácticas de manexo e alimentación (control de pensos) dos animais.
- Tratamentos terapéuticos.
- Benestar dos animais.
- Recollida de mostras (substancias prohibidas e/ou de uso restrinxido). Realización de análises.



Controis en industrias (matadoiros e salas de despece)

- ☐ Normas de hixiene e sanidade.
- ☐ Trazabilidade.
- ☐ Clasificación das canais.
- ☐ Etiquetado da carne.
- ☐ Envasado e presentación da carne.
- ☐ Recollida de mostras (trazabilidade, substancias prohibidas...). Realización de análises.
- ☐ Documentación de acompañamento da carne.

Terceira.- Contía, financiamento e intensidade da axuda

A axuda a outorgar será do 100 % do investimento subvencionable, ata un máximo de 60.000 €.

A axuda financiarase con fondos propios da comunidade autónoma consignados na aplicación orzamentaria 14A2 713D 7810, código de proxecto 2011 765.

Cuarta.- Xustificación

O consello regulador presentará unha conta xustificativa que, en todo caso, incorporará os seguintes elementos:

- 1) Certificación expedida pola persoa que ostenta a secretaría do Consello Regulador co visto e prace da presidencia, relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Consello Regulador, imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do acredor, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- 2) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios
- 3) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.
- 4) De ser o caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.

Procederá a obriga de reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio, así como a obriga de facilitar a información que sexa requirida pola Axencia Galega da Calidade



Alimentaria en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

Sexta.- Prazo de xustificación e modos de pago

- 1) O prazo de xustificación remata o 15.10.2026. A xustificación presentárase telematicamente perante a AGACAL a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A, no enlace <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A&ano=2025&numpub=1&lang=gl>
- 2) O pago realizarase trala comprobación da xustificación recibida
- 3) O pagamento realizarase logo de verificación do cumprimento da obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social; de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nos termos previstos nos artigos 10º e 11º do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e de comprobar a remisión ao Consello de Contas das contas xerais do exercicio.

Sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente acordo de colaboración non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Oitava.- Publicidade e confidencialidade

O Consello Regulador dará adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das actividades incluídas no marco deste convenio.

Así mesmo, o Consello Regulador outorga o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).



Novena.- Obriga de colaboración

O consello regulador obrígase a prestar colaboración coa Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e co Consello de Contas no exercicio das súas funcións de control e facilitar tanta documentación se requira, nos termos previstos no artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

Décima.- Protección de datos

As Partes se comprometen a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, sobre a protección de datos de persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de ditos datos, e pola que se derroga a Directiva 95/46 / CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como a Lei 3/2018, sobre a protección de datos persoais e a garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

Décimo primeira.- Transparencia.

De conformidade co disposto nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno de conformidade cós artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes dan o seu consentimento para que os datos persoais contidos no Convenio de colaboración e no resto das especificacións contidas nel poidan publicarse no Portal de Transparencia de Goberno Aberto.

Décimo segunda.- Xurisdición.

O presente convenio formúlase como base reguladora dunha axuda directa concedida pola Axencia ao Consello Regulador en base ao suposto do artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo canto non se dispoña nestas cláusulas se estará ao disposto na citada Lei e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei.

En proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente convenio,

Pola Axencia

A Presidenta da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Por delegación (Resolución do 24 de abril de 2013,
DOG núm. 85 do 3 de maio de 2013)

Polo Consello Regulador

Martín Alemparte Vidal
Director da Axencia

Jesús González Vázquez
Presidente do Consello Regulador

